

Unidade 08. Explica procedementos

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Comprensión lectora

Bachir

Bachir sentiuse furioso coa nota entre as mans. Dedicoulle uns minutos ao escrito, chegando a descifrar algunhas palabras soltas, pero pensou que sería mellor agardar a que Magali pasase por alí para que llo lese. Con coidadiño, púxose de costado e esfollegou o libro. Era outro número de National Geographic, co lombo e as cubertas sobados, con marcas de graxa nas follas. A Bachir dá-lle vergonza non saber ler, pero unicamente cando estaba con amigos da súa idade. Xustificaba a súa ignorancia

cunha manda de motivos, todos derivados da doenza, que sempre lle impedira unha asistencia regular á escola. En realidade, igual que con outros asuntos, aproveitaba os seus privilexios de enfermo para gozar dun mundo leve e cómodo, á medida das

súas necesidades básicas. Con todo, curiosamente, compraciálle rodearse de libros, que sabía que lle abrían as portas a mundos diferentes do seu.

Gustábanlle os libros de imaxes en que aparecían lugares exóticos, animais maravillosos, rostros e costumes extravagantes... Detívose diante dunhas fotografías que chamaron a súa atención: unha grea de llamas conducida por un grupo de homes de pouca estatura e romos de cara. Non coñecía o nome deses animais e nunca os vira, pero parecéronlle camelos a medio medrar: baixiños, sen corcova, cun pescozo reducido... A pesar diso, os homes cargábanos e cabalgaban. Pensou que aqueles seres humanos debían ser moi desgraciados, con eses animais tan pouco dignos.

Fechou o libro e pensou no seu pai, Brahim Mednah, que andaría polas terras do sur, moi lonxe, coa súa caravana de camelos. Botábao de menos, pero sempre fora así. El tiña que moverse cos seus animais dun lado para outro, na procura dos pasteiros mellores e vendendo o gando para manter á familia. Durante xeracións, os Mednah viviran

dos camelos. Se de maior lle curasen os pulmóns, el habería acompañar o seu pai e aprendería a atravesar o deserto. El tamén había de ser cameleiro.

Aburríase. A noite anterior durmira de máis. Cambiou de postura e colocouse sobre o outro costado. Os mastros, o fachinelo, a mesiña do té, os coxíns... éranlle tan coñecidos que non lle podían ofrecer distracción. Tampouco tiña ganas de ver o libro, que prefería follear a noite. Colleu o cordón e xogou un anaquiño a escorrentar ou esmagar algunha mosca distraída que andase á procura de faragullas de comida sobre as alfombras.

Ricardo GÓMEZ

O cazador de estrelas

Tambre



Unidade 08. Explica procedementos

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Comprensión lectora

1. Responde as preguntas.

- Quen narra a historia?

- Quen é o personaxe protagonista da historia?

- Que non sabía?

- Cal foi o animal que lle chamou a atención?

- Onde estaba o seu pai?

- A que se dedicaba o seu pai?

Unidade 08. Explica procedementos

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Coñecemento da lingua

2. Forma o contrario das palabras seguintes usando prefixos de negación e oposición.

Facer →

Dicir →

Aéreo →

Posible →

Enroscar →

Conectar →

Corpo →

Inflamatorio →

Normal →

Soportable →

Limitado →

Mortal →

Finito →

Conveniente →

Respectuoso →

Ciclón →

Móbil →

Montar →

Peitear →

Crible →

